

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2025

Este Servicio presta atención médica a máis dun cento de pacientes

Os xogadores do Monbus Obradoiro visitan a Unidade de Diálise de HM La Esperanza

- Yunio Barrueta, Diogo Brito, Alonso Grela, Alejandro Galán, Aitor Etxeguren e Micah Speight acompañaron aos doentes durante o seu tratamento

Os pacientes da Unidade de Diálise de HM La Esperanza recibiron este xoves unha visita moi especial durante as súas sesións de tratamento. Varios xogadores do Monbus Obradoiro, acompañados por membros do corpo técnico do club, achegáronse ao hospital para compartir a tarde cos pacientes, percorrer as instalacións e participar nun encontro solidario destinado a facer máis ameno o tempo que dedican ás súas sesións de diálise.

Os xogadores Yunio Barrueta, Diogo Brito, Alonso Grela, Alejandro Galán, Aitor Etxeguren e Micah Speight conversaron cos pacientes, leváronlles un agasallo 'obradorista' e ofrecéronlles unha mensaxe de ánimo, convertendo a visita nun momento de proximidade, apoio e motivación para quen afronta estas patoloxías. Tanto o club compostelán como o persoal sanitario destacaron o valor humano deste tipo de iniciativas, que contribúen de maneira significativa ao benestar emocional de quen afronta tratamentos longos e esixentes.

O Dr. Pablo Asensio, director médico territorial de HM Hospitales en Galicia, subliñou que a humanización asistencial é un eixo prioritario do grupo hospitalario, "para os nosos pacientes, que pasan varias horas en cada sesión, recibir a visita dun equipo tan querido na nosa cidade supón un impulso emocional moi importante. Agradecemos ao Monbus Obradoiro a súa sensibilidade e a súa disposición para acompañalos". Na visita tamén estiveron presentes a Dra. María José Ferreiro, especialista en Nefroloxía de HM Hospitales, e Nerea Lesta, supervisora da Unidade que conta cun equipo profesional altamente especializado, composto por 28 postos que atenden aos pacientes de maneira continuada.

O Monbus Obradoiro, pola súa banda, reafirmou o seu compromiso social nesta visita solidaria en HM Hospitales, o seu provedor médico oficial. "Para nós é unha honra poder compartir un intre con persoas que demostran tanta fortaleza a diario. No noso club cremos no verdadeiro valor do deporte: a súa capacidade para unir, acompañar e dar alegría. Para nós, estes pequenos xestos teñen un significado enorme, énnenos de enerxía. Compartir un intre de conversación

e proximidade cos pacientes é a nosa maneira de dicirlles que non están sos e que, aínda que esteamos fose da pista, seguimos xogando un partido moi importante", trasladou o club.

Esta visita intégrase na aposta de HM Hospitales por unha atención integral centrada na persoa, que combina excelencia clínica con programas orientados a humanizar a asistencia sanitaria. Con accións coma esta, o Grupo reafirma o seu compromiso de responder non só ás necesidades médicas dos seus pacientes, senón un acompañamento humano que atenda as dimensións emocionais e sociais da saúde, consolidándose unha vez máis como unha institución próxima, comprometida e sensible á realidade dos pacientes e das súas familias.

HM Hospitales

HM Hospitales é o Grupo hospitalario privado de referencia a nivel nacional, baseando a súa oferta na excelencia asistencial engadida á investigación, á docencia, á constante innovación tecnolóxica e á publicación de resultados.

Dirixido por médicos e con capital 100% español, conta na actualidade con máis de 7.500 profesionais que concentran os seus esforzos en ofrecer unha medicina de calidade e innovadora centrada no coidado da saúde e o benestar dos seus pacientes e familiares.

HM Hospitales está formado por 54 centros asistenciais: 23 hospitais, 3 centros integrais de alta especialización en Oncoloxía, Cardiología e Neurociencias, 5 centros especializados en Medicina da Reprodución, Saúde Ocular e Saúde Bucodental, Medicina Estética, Cirurxía Plástica e Prevención Precoz Personalizada ademais de 23 policlínicos. Todos eles traballan de xeito coordinado para ofrecer unha xestión integral das necesidades de saúde dos seus pacientes.

Actualmente, HM Hospitales en Galicia dispón de 4 hospitais con máis de 250 camas e 23 quirófanos que responden a tódalas especialidades médicas e cirúrxicas, e conta coa máis avanzada tecnoloxía de diagnóstico por imaxe. Destacan a UCI de adultos e neonatal, os servizos de urxencias 24 horas e urxencias pediátricas, a medicina nuclear e HM Fertility Center entre outros. Estes recursos engádense aos do resto do grupo no conxunto de España, todos eles coa maior cualificación técnica e humana.

Departamento de Comunicación HM Hospitales

Rebeca Santomé Seijas



981 569 155



663 870 867



hmhospitales@bolanda.es



www.hmhospitales.com